

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	2º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

\* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos).

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grossa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

\* CONTEXTUALIZACIÓN.

O C E I P Plurilingüe de Outes atópase ubicado á beira do Río Tines, dentro do núcleo urbano da Serra de Outes, máis concretamente na Praza de Galicia.

Ao centro acoden os nenos/as das parroquias do Concello, pero ademais veñen os rapaces e rapazas de Couso (Negreira) e de Fontemourente (Mazaricos). Tampouco podemos esquecernos de varios/as discentes que, por diferentes motivos, acoden ao noso centro aínda que viven noutros concellos coma: Noia, Muros, Ames ou Santiago.

Nos últimos anos a poboación de Outes descendeu moito, contando con algo máis 6.000 habitantes na derradeira actualización do censo poboacional.

- Centro: CEIP Plurilingüe Outes
- Unidades: 16 (4 en EI e 12 en EP)
- Curso: 2º A- 2ºB
- Nº alumnos/as: 32 (16 nenas e 16 nenos)
- Instalacións: ximnasio, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (09:50 a 14:50)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos o curso	Presentación e toma de contacto. Levaranse a cabo xogos de presentación e deshinibición. Ademais se dará a acoñecer as normas básicas de organización, comportamento, atuendo, aseo,... que haberá que respectar ao longo do curso.	5	4	X		
2	Corpo e saúde	Nunha EF saudable, débese crear hábitos de vida sans e actitudes positivas cara á actividade física e desta forma proporcionar unha mellor calidades de vida. Ademais a saúde tamén implica un benestar mental, recoñecer as emocións e aprender a xestionalas, contribuirán a iso. Por outra banda, tamén desenvolverase o coñecemento do corpo a través do coñecemento das súas partes, do desenvolvemento do esquema corporal e a percepción sensorial ( imprescindibles para relacionarnos co medio que nos rodea e facer calquera actividade nel )	18	12	X		
3	Esquema corporal/Percepción espazo-temporal/Lateralidade	A percepción do entorno está formada pola espacialidade e a temporalidade. Ambos compoñentes, teñen unha gran importancia na nosa vida, xa que toda acción e movemento humeno, desenvólvese nun espazo e nun tempo determinado. O espazo é o lugar onde nos movemos e nos desenvolvemos, constituíndo o marco de referencia onde precibimos os obxectos e as persoas que nos rodean.	17	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Esquema corporal/Percepción espazo-temporal/Lateralidade	<p>A temporalidade é a toma de conciencia dos cambios que suceden nun periodo determinado. Clasifícase en : orientación temporal (forma de plasmar o tempo), estruturación temporal (orde de acontecementos e duración) e organización temporal (ritmo)</p> <p>A lateralidade, seguindo a Castañer e Camerino, non se encontra dentro da somatognosia (coñecemento dun mesmo) nin da exterognosia (coñecemento do entorno), xa que é a resultante da corporalidade e da espacialidade. Polo tanto está influenciada tanto polo coñecemento do corpo coma do espazo que nos rodea. É importante para o desenvolvemento integral da persoa.</p>	17	11	X		
4	Coordinados e equilibristas	<p>A coordinación é unha capacidade implicada en calquer movemento humano. Le Boulch considéraa como "a interacción, o bo funcionamento entre o SNC e a musculatura esquelética durante o exercicio, e dicir, a capacidade de realizar un movemento de forma controlada e axustada".</p> <p>En canto o equilibrio, Muska Mosston, defíneo como a "Capacidade de controlar o corpo no espazo en contra das forzas que actúan sobre él, ou de recuperar a postura correcta tras a intervención dun factor desequilibrador".</p> <p>Estas capacidades son importantes traballalas, porque se encontran presentes en calquer movemento, e repercute positivamente nas habilidades motrices e control da postura.</p>	15	10		X	
5	Habilidades motrices básicas e expresión corporal	<p>As HMB, son un conxunto de movementos fundamentais e accións motrices (López) e o seu desenvolvemento formarán a basa da nosa execución motriz. Sánchez Bañuelos as divide en HMB, co propio corpo (desprazamentos, saltos e xiros), e con obxectos (lanzamentos e recepcións).</p> <p>Nesta unidade traballaremos as habilidades co propio corpo. Ademáis utilizáremolas en actividades, montaxes ou bailes, para o mesmo tempo traballas a expresión corporal.</p> <p>A expresión corporal é unha cualidade do ser humano, onde o noso corpo consciente ou inconscientemente é un instrumento de comunicación</p>	15	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	: Manipulacións, conducións e golpeos	As HMB, son un conxunto de movementos fundamentais e accións motrices (López) e o seu desenvolvemento formarán a basa da nosa execución motriz. Sánchez Bañuelos as divide en HMB, co propio corpo (desprazamentos, saltos e xiros), e con obxectos (lanzamentos e recepcións). Nesta unidade traballaremos as habilidades con obxectos. O desenvolvemento das capacidades e habilidades instrumentais, farán que o alumnado mellore e amplíen as posibilidades motrices.	15	11			X
7	Xogamos xuntos- Actividades ao aire libre	En EF, o xogo está presente continuamente, e nesta unidade seguirá sendo protagonista. Trataranse diferentes tipos de xogos: de cooperación, oposición, tradicionais, con diversos materiais,... Ademais, buscaremos un maior contacto co medio natural, fomentando actividades na natureza ou entorno próximo, intentando fomentar a práctica de actividade física nestes medios, loitando desta maneira contra o sedentarismo e sensibilizando o coidado destes lugares	15	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos o curso	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	*Utilizar vestimenta e calzado adecuado nas clases de EF, así como levar camiseta de cambio para mellorar os hábitos hixiénicos tras a práctica da actividade física*	TI	100
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas e as regras dos xogos*		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	*Participar nas actividades motrices propostas, iniciándose na resolución de conflitos mediante o diálogo e recoñecendo situacións contrarias á convivencia*		
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Buscar solucións para resolver un problema motor sinxelo de maneira cooperativa.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Utilizar diferentes habilidades (pases, desprazamentos, bote, saltos, ...) para a realización das actividades e retos propostos.		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Realizar retos sinxelos adaptándose ás circunstancias		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas, e as características e nivel dos compañeiros e compañeiras*		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	*Participar nas prácticas motrices, desenvolvendo habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación.*		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	*Coidar o material e os espazos utilizados durante a actividade física.*		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> <li>- Toma de decisións en situacións motrices diversas:</li> <li>- Coordinación de accións en situacións cooperativas.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto das regras de xogo.</li> <li>- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.</li> <li>- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Corpo e saúde	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como elemento importante para a saúde. Recoñece alimentos saudables e perxudiciais	TI	100
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	*Utilizar vestimenta e calzado adecauado nas clases de EF, así como levar camiseta de cambio para mellorar os hábitos hixiánicos tras a práctica da actividade física*		
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Recoñecer a actividade física como elemento importante para a saúde. Recoñece alimentos saudables e perxudiciais		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respectar as normas consensuadas e as regras dos xogos*		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	*Participar nas actividades motrices propostas, iniciándose na resolución de conflitos mediante o diálogo e recoñecendo situacións contrarias á convivencia*		
CA2.1 - Identificar os desprazamentos activos como práctica saudable, coñecendo os seus beneficios físicos para o establecemento dun estilo de vida activo.	Recoñecer formas de mobilidade para evitar o uso excesivo do coche.		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Coñecer que son os hábitos hixiánicos. Saber como é a maneira correcta de levar a mochila e/ou un obxecto pesado		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Coñecer que hai distintas partes á hora de realizar actividade física.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Coñecer que son os hábitos hixiánicos. Saber como é a maneira correcta de levar a mochila e/ou un obxecto pesado		
CA4.3 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respectar as normas consensuadas, e as características e nivel dos compañeiros e compañeiras*		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	*Participar nas prácticas motrices, desenvolvendo habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación.*		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Coñecer que son os hábitos hixiánicos. Saber como é a maneira correcta de levar a mochila e/ou un obxecto pesado		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Coñecer as principais partes do corpo. Recoñecer os sentidos empregados en diferentes actividades lúdicas. Comprender e practicar o xogo de equipo proposto. Mostrar unha mellora do dominio corporal.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	*Coidar o material e os espazos utilizados durante a actividade física.*		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Alimentación saudable e hidratación.</li> <li>- Educación postural en situacións cotiás.</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como práctica social saudable.</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> <li>- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.</li> <li>- Esquema corporal:</li> <li>- Conciencia corporal.</li> <li>- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.</li> <li>- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.</li> <li>- Respecto das regras de xogo.</li> <li>- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.</li> <li>- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.</li> <li>- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.</li> <li>- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Esquema corporal/Percepción espazo-temporal/Lateralidade	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	*Utilizar vestimenta e calzado adecauado nas clases de EF, así como levar camiseta de cambio para mellorar os hábitos hixiénicos tras a práctica da actividade física*	TI	100
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Coñecer nocións topolóxicas básicas mellorando a percepción espacial tanto de maneira individual coma grupal. Adaptar os movementos a ritmos sinxelos, obxectos e/ou persoas.		
CA1.6 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respectar as normas conensuadas e as regras dos xogos*		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	*Participar nas actividades motrices propostas, iniciándose na resolución de conflitos mediante o diálogo e recoñecendo situacións contrarias á convivencia*		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recoñecer a importancia de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Realizar actividades e xogos tanto individuais como de maneira cooperativa, e comezar a reflexionar sobre os resultados acadados.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Situarse respecto a persoas e obxectos. Adaptar os movementos a estruturas rítmicas, música (comseguido facer una actividade/composición grupal) Reproducir ritmos sinxelos		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Recoñecer as partes laterais do corpo propias e dos demais. Reproducir estruturas rítmicas utilizando as partes laterais do corpo, e /ou realizar bailes sinxelos mantendo unha boa orientación espacial. Situarse respecto a persoas ou obxectos mellorando a percepción espacial.		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Realizar actividades grupais aceptando aos compañeiros e compañeiras		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas, e as características e nivel dos compañeiros e compañeiras*		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	*Participar nas prácticas motrices, desenvolvendo habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación.*		
CA6.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Explorar diferentes manexos de obxectos con certo control utilizando os segmentos corporais do lado dominante. Desplazarse, saltar ou xirar mantendo unha boa orientación espacial. Comprender e practicar o xogo de equipo proposto.		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Comprender á importancia da actividade física para á vida		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	*Coidar o material e os espazos utilizados durante a actividade física.*		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Saúde física:
- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.
- Saúde social:
- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.
- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.
- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.
- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma.
- Esquema corporal:
- Conciencia corporal.
- Lateralidade e a súa proxección no espazo.
- Técnicas básicas de respiración e relaxación/contracción para controlar o corpo e ser aplicadas en distintas situacións motrices cotiás.
- Percepción espazo-temporal. Nocións básicas (arriba-abaxo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita) para orientarse no espazo.
- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
4	Coordinados e equilibristas	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	*Utilizar vestimenta e calzado adecuado nas clases de EF, así como levar camiseta de cambio para mellorar os hábitos hixiénicos tras a práctica da actividade física*	TI	100
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Comezar a recoñecer diferentes emocións ( alegría , frustración, ...) presentes durante o xogo, respetando cando se gaña o se fai correctamente unha actividade, e evitando o enfando cando se perde ou frustración se non sae algo		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas e as regras dos xogos*		
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	*Participar nas actividades motrices propostas, iniciándose na resolución de conflitos mediante o diálogo e recoñecendo situacións contrarias á convivencia*		
CA2.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Desprazarse de distintas formas variando os puntos de apoio. Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, respiración e relaxación		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Mellorar a coordinación dinámica xeral (control do corpo en desprazamentos e movementos básicos), óculo -manual ( lanzar e coller un balón con certo control) e pédica (pasar balón co pé dominante)		
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Controlar o corpo variando o centro de gravidade en base de substentación estable e inestable.		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas, e as características e nivel dos compañeiros e compañeiras*		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	*Participar nas prácticas motrices, desenvolvendo habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación.*		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Realizar actividades rítmicas e bailes con certa coordinación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	*Coidar o material e os espazos utilizados durante a actividade física.*		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Educación postural en situacións cotiás.</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> <li>- Toma de decisións en situacións motrices diversas:</li> <li>- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.</li> <li>- Coordinación de accións en situacións cooperativas.</li> <li>- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progrese en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Esquema corporal:</li> <li>- Coordinación óculo-pédica e óculo-manual.</li> <li>- Equilibrio estático e dinámico.</li> <li>- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.</li> <li>- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.</li> <li>- Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais.</li> <li>- Respecto das regras de xogo.</li> <li>- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.</li> <li>- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.</li> <li>- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.</li> <li>- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Habilidades motrices básicas e expresión corporal	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	*Utilizar vestimenta e calzado adecuado nas clases de EF, así como levar camiseta de cambio para mellorar os hábitos hixiénicos tras a práctica da actividade física*	TI	100
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Representar personaxes , situacións e bailes mediante o corpo e o movemento tanto de maneira individual como colectiva		
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Comezar a recoñecer diferentes emocións ( alegría , frustración, ...) presentes durante o xogo, respetando cando se gaña o se fai correctamente unha actividade, e evitando o enfando cando se perde ou frustración se non sae algo		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas conensuadas e as regras dos xogos*		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Desplazarse de diferentes formas variando os puntos de apoio, mantendo o control corporal		
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Realizar bailes sencillos. Imitar personaxes, situacións ou estados de ánimo. Reproducir estruturas rítmicas sinxelas.		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Realizar diferentes tipos de saltos, variando os puntos de apoio e frecuencias Facer a voltereta mantendo unha postura correcta		
CA3.4 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	*Participar nas actividades rítmicas e de danza propostas.*		
CA3.5 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Realizar bailes sencillos. Imitar personaxes, situacións ou estados de ánimo. Reproducir estruturas rítmicas sinxelas.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Comezar a recoñecer diferentes emocións ( alegría , frustración, ...) presentes durante o xogo, respetando cando se gaña o se fai correctamente unha actividade, e evitando o enfando cando se perde ou frustración se non sae algo		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas, e as características e nivel dos compañeiros e compañeiras*		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	*Participar nas prácticas motrices, desenvolvendo habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación.*		
CA5.2 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer deportistas masculinos e femininos		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Empregar difenetes HMB en montaxes sinxelos		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	*Coidar o material e os espazos utilizados durante a actividade física.*		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.</li> <li>- Toma de decisións en situacións motrices diversas:</li> <li>- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.</li> <li>- Coordinación de accións en situacións cooperativas.</li> </ul>

## Contidos

- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante prograse en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos externos e internos.
- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas como manifestación da propia cultura.
- Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo.
- Deporte e perspectiva de xénero: referentes no deporte de distintos xéneros.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.

UD	Título da UD	Duración
6	: Manipulacións, conducións e golpes	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	*Utilizar vestimenta e calzado adecauado nas clases de EF, así como levar camiseta de cambio para mellorar os hábitos hixiénicos tras a práctica da actividade física*	TI	100
CA1.4 - Recoñecer a importancia de establecer metas claras á hora de desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, valorando a súa consecución a partir dunha análise dos resultados obtidos.	Practicar actividades físicas e lúdicas tanto de maneira individual coma grupal		
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas e as regras dos xogos*		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións contrarias á convivencia.	*Participar nas actividades motrices propostas, iniciándose na resolución de conflitos mediante o diálogo e recoñecendo situacións contrarias á convivencia*		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Practicar golpes con e sen implemento. Realizar conducións co pé		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Recoñecer as partes laterais do corpo, e utilizar o lado dominante con certa destreza Realizar pases e recepcións co tren superior. Realizar golpes co tren superior e inferior. Botar un balón co lado dominante		
CA3.2 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Resolver situacións motrices con certa autonomía utilizando as HMB para o manexo de obxectos Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situacións de cooperación e oposición. Comprender as regras dos xogos		
CA4.2 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentando xestionalas e gozando da actividade física.	Recoñecer diferentes emocións ( alegría , frustración, ...) presentes durante o xogo, respetando cando se gaña o se fai correctamente unha actividade, e evitando o enfado cando se perde ou frustración se non sae algo		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas, e as características e nivel dos compañeiros e compañeiras*		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	*Participar nas prácticas motrices, desenvolvendo habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación.*		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer a deportistas femininos e masculinos.		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Resolver situacións motrices con certa autonomía utilizando as HMB para o manexo de obxectos Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situacións de cooperación e oposición. Comprender as regras dos xogos		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	*Coidar o material e os espazos utilizados durante a actividade física.*		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental).</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores sinxelos: obxectivos ou metas.</li> <li>- Toma de decisións en situacións motrices diversas:</li> <li>- Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais.</li> <li>- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progrese en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.</li> <li>- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.</li> <li>- Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.</li> <li>- Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices.</li> <li>- Respecto das regras de xogo.</li> <li>- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.</li> <li>- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Xogamos xuntos- Actividades ao aire libre	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	*Utilizar vestimenta e calzado adecauado nas clases de EF, así como levar camiseta de cambio para mellorar os hábitos hixiénicos tras a práctica da actividade física*	TI	100
CA1.6 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas e as regras dos xogos*		
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Aprender e practicar diferentes xogos tradicionais		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Practicar actividades ao aire libre respectando a contorna onde se realicen		
CA3.1 - Explorar as posibilidades da propia motricidade a través do xogo, aplicando en distintas situacións cotiás medidas básicas de coidado da saúde persoal a través da hixiene corporal e da educación postural.	Utilizar as HMB con certo control para levar a cabo as actividades e xogos propostos		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Realizar xogos con compañeiros e compañeiras respectando a todos os participantes independentemente das características individuais		
CA4.3 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras de xogo, e actuar desde os parámetros da deportividade, aceptando as características e os niveis dos participantes.	*Respetar as normas consensuadas, e as características e nivel dos compañeiros e compañeiras*		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	*Participar nas prácticas motrices, desenvolvendo habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación.*		
CA4.5 - Coñecer e valorar os logros de distintos referentes do deporte de ambos os xéneros, recoñecendo o esforzo, a dedicación e os sacrificios requiridos para alcanzar os devanditos éxitos.	Coñecer deportistas masculinos e femininos		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	*Participar nas actividades e xogos propostos en diferentes contornas*		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Aprender xogos populares e tradicionais. Aprender pasos sinxelos de bailes		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Realizar xogos con compañeiros e compañeiras respectando a todos os participantes independentemente das características individuais		
CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Resolver situacións motrices con certa autonomía utilizando as HMB para o manexo de obxectos Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situacións de cooperación e oposición. Comprender as regras dos xogos		
CA6.5 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	*Participar nas actividades e xogos propostos en diferentes contornas*		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	*Coidar o material e os espazos utilizados durante a actividade física.*		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos dun estilo de vida activo.</li> <li>- Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- A actividade física como práctica social saudable.</li> <li>- Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar.</li> <li>- Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Benestar persoal e na contorna a través da motricidade.</li> <li>- Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos.</li> <li>- Uso e coidado do material e dos espazos utilizados na actividade que se vaia desenvolver.</li> <li>- Preparación da práctica motriz: vestimenta deportiva e hábitos xerais de hixiene corporal.</li> </ul>

## Contidos

- Toma de decisións en situacións motrices diversas:
- Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progresa en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto.
- Capacidades físicas desde o ámbito lúdico e o xogo.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Respecto das regras de xogo.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e espaxamento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz.
- Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía respectará dúas condicións básicas:

1. Os procesos individuais de aprendizaxe.
2. A incidencia nos procesos cognitivos e afectivos de todo tipo de aprendizaxe.

A nivel global empregaremos unha metodoloxía construtiva, achegándonos á realidade do alumnado e ás súas diferenzas individuais, tentando que a través das actividades superen as súas limitacións.

Nas sesións a metodoloxía é globalizadora, participativa e lúdica. A través do xogo tentaremos fomentar a exploración, o descubrimento, a creatividade e sobre todo unha valoración positiva das posibilidades de cada un.

Dependendo dos obxectivos a acadar empregaremos diferentes metodoloxías, principalmente non directivistas (descubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración). Ademais, tamén estarán presentes tendencias actuais como o Aprendizaxe cooperativo, onde pasamos do "uns gañan e outros perden" a "gañamos todos", o Aprendizaxe baseado en problemas, os Ambientes de aprendizaxe, retos motrices, ... reforzando desta maneira a autoestima, autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

O alumnado asume e asimila de xeito práctico os coñecementos sobre o seu corpo e sobre o seu funcionamento, así como as súas posibilidades motrices e experimenta con elas. Nós teremos unha función dinamizadora e integradora, entendida en sentido positivo de ánimo e guía para descubrir novas opcións e posibilidades. Esta información basearase no desenvolvemento da actividade motriz máis que no resultado da mesma. Por iso centraremos no xogo as súas aprendizaxes motrices, xa que é unha actividade querida e constante. Por iso o aspecto lúdico xogará un papel importante en todo o noso proceso de ensino - aprendizaxe.

Propomos actividades que supoñen un esforzo e un reto, adecuándoas sempre ás capacidades do alumnado. Estimularemos, suxeriremos, orientaremos, controlaremos o risco, achegaremos ideas e posibilidades, pero o alumnado será e saberá ser o protagonista da súa propia acción motriz. Serviranos de motivación que aprendan a aplicar as súas aprendizaxes motrices a unha actividade tan querida e constante como é o xogo. Utilizarase como recurso metodolóxico en todas as sesións.

Na organización da clase evitaremos, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o que contaremos co



material suficiente ou diversificaremos as actividades, precisando dun menor número de elementos de cada tipo de material pero maior variedade de materiais a empregar.

A metodoloxía a utilizar será:

- Aberta: empregando diferentes estilos de aprendizaxe, en función dos obxectivos que pretendemos conseguir e das características do alumnado.
- Flexible: permitindo axustar as propostas ao ritmo individual do alumnado. Non nos basearemos en propostas de traballo que fixen unha meta ou unha marca igual para todos/as. As propostas que fagamos coñecerán a realidade individual de cada alumno/a, permitindo que sexa desenvolvida en función das súas posibilidades, e valorando o progreso por riba dos resultados.
- Activa: o alumnado será o protagonista da súa propia acción. Partiremos da necesidade de actividade do alumnado desta idade para ir canalizándoa ata obter os obxectivos pretendidos.
- Participativa: favoreceremos o traballo en equipo para fomentar o compañeirismo e a cooperación. O que evitaremos é a competitividade, esta debemos intentar que a entendan como a superación dunha dificultade, como unha forma lúdica de relación con outros, non como rivais a quen haxa que gañar. Só se a entenden así, a competición estará desenvolvendo a sociabilización a través do xogo e da práctica deportiva.
- Indutiva: favoreceremos o autoaprendizaxe, de forma que sexan quen de resolver problemas motrices, organizando o seu propio traballo, constatando e comprobando a súa mellora, tanto en actitudes como en habilidades e destrezas.
- Integradora: aglutinaremos nun só proceso a técnica, habilidades e destrezas propias da educación física. Teremos unha formulación cualitativa, non cuantitativa. Non haberá unha resposta motriz única, senón que haberá unha mellora da actividade motriz en relación ao momento de partida.
- Lúdica: o xogo ocupará a maior parte da actividade do alumnado nesta idade. Presentaremos na medida do posible as tarefas en forma de xogos nos que todo o alumnado participará de xeito espontáneo. Teremos coidado tanto co contido da pro-posta de traballo como a forma de presentala, de modo que sexa atractiva e divertida, estimulando a participación.
- Creativa: as nosas propostas estimularán a creatividade no alumnado, fuxiremos de modelos fixos, estereotipados ou repetitivos.

En canto ás técnicas de ensino, basearanse na forma de dar a información inicial e na forma de ofrecer o coñecemento dos resultados ou feed back, intentando que sexan concisas e breves para aumentar o tempo de compromiso motor.

Nas nosas sesións o profesor adoptará a posición que máis lle conveña para que exista unha boa comunicación co grupo, para que non se produza interferencias á hora de presentar as tarefas. Esta posición pode ser externa (onde será o eixo central da clase, para dar información para que sexan percibidas con claridade polos alumnos) ou unha posición interna (que permitirá realizar un maior seguimento das actividades realizadas e dar no acto un coñecemento dos resultados para provocar o feed back).

Temos en conta tamén a organización do grupo/clase, esta estará supeditada á sesión que realicemos, polo que nas unidades didácticas daremos información de como levará a cabo esta realización.

Algúns principios básicos que se terán en conta ao longo de todas as sesións son os seguintes:

- Reforzo positivo: é importante que o alumnado estea continuamente motivado, o que propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus progresos e os eloxios por parte do profesor. Desta forma, creárase un ambiente de confianza no que o alumnado se sinta seguro.
- Progresión: Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.
- Intensidade: os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.
- Transferencia: cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.
- Intereses: os exercicios formulados ao alumnado deben estar de acordo cos intereses e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- Individualización: hai que respectar as características de cada neno e nena. Cada un "é como é". De aí que á hora de avaliar se teña en conta a actitude e a aptitude.
- Participación: non haberá aprendizaxe se o neno non participa activamente.



## 4.2. Materiais e recursos didácticos

### Denominación

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os instrumentos e medios que subministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe. Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.
2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.

Con base no sinalado, Bautista (2010) establece unha serie de características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- Carácter motivador: xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente: os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares e como elementos de diferentes xogos.
- Carácter colectividade: a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- Carácter de accesibilidade: estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

Hai que ter en conta que o material co que se traballe debe estar acorde ás actividades para realizar ( aínda que sexa o máis sinxelo e podemos atopar no noso carón). O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: o medio, a idade, as capacidades, a contorna, entre outras. Todo isto permitirá desenvolver habilidades e destrezas no seu aspecto físico e cognitivo, o importante é a adecuada utilización dos materiais que se elixa para as actividades.

Á hora de falar sobre os recursos e materiais de educación física é necesario establecer as diferenzas que existen entre un e outro. Para moitos autores sinónimos, pero para outros hai unha diferenza entre os materiais e os recursos.

Trujillo (2010), menciona que por materiais defínense aqueles materiais curriculares que foron elaborados cunha finalidade explícita, mentres que os recursos didácticos toman o seu verdadeiro valor pedagóxico no momento no que os docentes deciden, desde a metodoloxía, integralos no currículo.

Os recursos e materiais utilizados nas sesións de educación física cumpren distintas finalidades, sendo as máis relevantes as seguintes:

- Son un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Motivan ao alumnado á hora de realizar as tarefas.

- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado.
- Son un elemento auxiliar eficaz.
- Posibilita a autoinstrución.
- Son unha guía para as aprendizaxes.
- Permiten avaliar ao alumnado.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordados ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación será continua e global, tendo un carácter formativo e valorando o progreso do alumnado por riba dos resultados.

Non haberá un momento de avaliación e outro de aprendizaxe, senón que a avaliación formará parte da ensinanza (facendo correccións, ofrecendo feedbacks, facendo partícipes aos alumnos e alumnas nas súas propias aprendizaxes, ... Non obstante teremos tres tipos de avaliación segundo no momento en que se leve acabo:

- A avaliación inicial que é o punto de partida para a planificación e organización do proceso de ensino aprendizaxe, e servirá para:
  - Descubrir dificultades de aprendizaxe do alumnado e prever estratexias para a súa superación.
  - Valorar a aprendizaxe do alumnado, apreciando o grao de desenvolvemento das capacidades previstas e de asimilación dos contidos.
  - Realizar, se é o caso, modificacións na programación didáctica.

Nas sesións de avaliación inicial empregaremos preferentemente actividades cun carácter lúdico e semellantes a aquelas que o alumnado estea afeito a realizar.

Será unha avaliación máis cualitativa que cuantitativa, onde empregaremos a observación e o rexistro como instrumentos fundamentais. De seguido, indicaranse os contidos/aspectos a avaliar ao inicio de curso, aínda que non terían porque ser todos.

- Ficha sobre lesións, enfermidades ou calquera limitación que impida a realizar actividade física con normalidade
- Actividades, retos e/ou xogos que impliquen a realización de ritmos sinxelos
- Actividades, retos e/ou xogos equilibrio: pasar por un banco sueco invertido
- Actividades, retos e/ou xogos de HMB e manipulacións: saltos á corda, bote de balón, pases-recepcións, desprazamentos
- Cooperación

Os datos observados e/ou recollidos servirán para analizar, revisar e, se é o caso, modificar a programación do curso (obxectivos, metodoloxía,) xa que está elaborada antes de coñecer ó alumnado a quen vai dirixida.

- A avaliación continúa ou formativa: empregárase durante o transcurso das unidades didácticas, será unha avaliación para a aprendizaxe e tamén facilitará realizar axustes ou modificacións se fosen necesarios.

- Avaliación final e trimestral: para comprobar o grao de adquisición da aprendizaxe e competencias.

### **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

#### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>17</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Crterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 2º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Ao longo do curso, utilizaranse diferentes instrumentos de avaliación, poidendo ser:

- ESCALAS DE VALORACIÓN
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

#### 1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

#### 2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2023/2024:

1º TRIMESTRE (3 UD - 40%):

- UD. 1: 12'5% = equivalente a un 1'25 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 45% = equivalente a un 4,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 42'5% = equivalente a un 4'25 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 3)= 10

2º TRIMESTRE (2 UD - 30%):

- UD. 4: 50% = equivalente a un 5 da nota 2º trimestre.
- UD. 5: 50% = equivalente a un 5 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD 4 e 5)= 10

3º TRIMESTRE (2 UD - 30%):

- UD. 6: 50% = equivalente a un 5 da nota 3º trimestre.
- UD. 7: 50% = equivalente a un 5 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD 6 e 7)= 10

### 3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2023/2024:

- 1º TRIMESTRE (3 UD): 40% equivalente a un 4 da nota final
- 2º TRIMESTRE (2 UD): 30 % equivalente a un 3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (2 UD): 30 % equivalente a un 3 da nota final
- ORDINARIA (suma das 7 UD): 100% equivalente a 10.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro

de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

#### MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.

Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

#### ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programación ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún en 2º
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún en 2º
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Non existe ningún en 2º

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X		X				X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X						X
ET.3 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación vial			X				
ET.6 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, iniciativa,...	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.9 - Aprendizaxe de prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A milla de Outes	Realizárase na contorna do centro ou no recinto escolar polo menos unha vez á semana	X	X	X
Xogos populares en diversas celebracións coma O Magosto	Nos patios do centro levaranse a cabo diversos xogos populares e logo degustaranse as castañas asadas	X		X
Xornada/s de natación	Irase á piscina municipal, por grupos aula e alí monitores/as especializados/as no tema realizarán co alumnado distintas actividades.	X		
Campo a Través.	Participación nas competicións de Campo a través (XOGADE)	X	X	
Actividades de inclusión físico-lúdicas, cos usuario/as do Centro Ocupacional de Valadares.	Trataremos de que usuarios/as do Centro Ocupacional de Valadares e algún monitor/a acudan ao noso centro para realizar actividades de inclusión físico-lúdicas e sexan eles/as (os/as usuarios) quen expliquen as tarefas a realizar.		X	
Andainas pola contorna	Realizárase, cando menos, unha andaina pola contorna, para fomentar a actividade física, ao tempo que se recoñecen diversas zonas do concello e se promove a convivencia co alumnado doutra/s aula/s e co profesorado.	X		
Recreos activos e divertidos.	Promoveranse actividades lúdico-físicas, deportivas, onde o alumnado goce á vez que realiza exercicio físico.	X	X	X
III Carreira solidaria	Participación na III Carreira solidaria, arredor do campo de fútbol municipal.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de Primeiros auxilios.	Participación na sesión teórico-práctica de Primeiros auxilios, impartida por un membro da Comunidade educativa coa titulación precisa..			X
Xornada de inclusión e convivencia con usuarios/as do Centro Ocupacional de Valadares e algún/ha dos seus/súas monitores/as.	Participación na xornada de inclusión e convivencia, a través de distintos xogos, con usuarios/as do Centro Ocupacional de Valadares e algún/ha dos seus/súas monitores/as.		X	
Libre circulación internivel	Participación en xornadas de libre circulación internivel nas que haberá diferentes actividades motrices.	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade, obxectivos ben definidos.
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta, flexible e participativa. Métodos e estilos de aprendizaxe variados, adaptados ao alumnado e actividades a realizar
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais
Clima de traballo na aula
Espazo de acompañamento respectando as necesidades/posibilidades individuais
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Comunicación contínua co equipo docente e coas familias sempre que sexa preciso
Outros
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral do tema
Alumnado: conseguiuase motivalo, participación activa, espertar curiosidade, ...
Transversalidade: as sesións traballan implícitamente temas transversais

#### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## **9. Outros apartados**